



SOPA DE LIBROS

© Do texto: Agustín Fernández Paz, 2013
© Das ilustracións: David Pintor, 2013

© Desta edición: Edicións Xerais de Galicia, 2013
Doutor Maraño, 12. 36211 Vigo
<http://www.xerais.es>
<http://blog.xerais.es>
xerais@xerais.es

Primeira edición, abril 2013

Deseño: Manuel Estrada

ISBN: 978-84-9914-492-4
Depósito legal: VG 79-2013

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

Fernández Paz, Agustín

Desde unha estrela distante / Agustín Fernández Paz;
ilustracións de David Pintor — Vigo: Edicións Xerais, 2013

168 p.; il. col.; 20 cm — (Sopa de Libros, 48)

ISBN 978-84-9914-492-4

1. Ciencia ficción. 2. Extraterrestres. 3. Amizade.

I. Pintor, David, il.

Desde unha estrela distante

SOPA DE LIBROS

Agustín Fernández Paz

Desde unha estrela distante

 XERAIS

Ilustracións
de David Pintor



*You may say that I'm a dreamer,
But I'm not the only one.*

[Podes dicir que son un soñador,
mais non son o único.]

JOHN LENNON, *Imagine*

1

TEMPO DE DICIR ADEUS

—Este ano non hai vacacións, nin o
soñes! Xa temos gastos dabondo co tras-
lado.

9

Daniela calou. A súa nai pronunciara as palabras nun ton cortante, mesmo enfadada, dando a entender que daquel asunto non ía falar máis nada. Adeus aos días alegres no cámping, adeus ás amigas que fixera o pasado verán, adeus ás horas eternas xogando pola praia!

E adeus tamén ás amigas do barrio, e aos nenos e nenas do colexio. A súa familia abandonaba Lugo e marchaba para Vigo, co propósito de se asentarse na cidade do sur. De pouco lle valía que os seus pais falasen con entusiasmo do novo

piso que alugaran, moito máis espazoso ca o de Lugo e cunha gran terraza desde a que se vía o mar. Nin tampouco que lle repetisen unha vez e mais outra todas as vantaxes que terían en Vigo. O único real era que dentro de poucas semanas estaría nunha casa nova, nun colexio novo, nunha cidade nova. E non lle quedaba outra que resignarse ante aquel cambio tan grande que ameazaba con borrar unha boa parte do seu mundo.

10

—Temos a mudanza contratada para o 1 de agosto, e antes hai que recoller toda a vida desta casa. Vai ser un traballo moi grande, xa me mete medo pensar en tanto boureo.

A nai faláballe á nena con expresión seria, esa que reservaba só para os asuntos importantes. Que lle quería dicir?

—Estes días, con tanto traballo, non te imos poder atender. Así que a papá e mais a min ocorréusenos que o mellor será que pases esta semana na casa da avoa. Cando teñamos todo arranxado no piso de Vigo, ímoste buscar.



—E tamén vén Marcos?

—Non, Marcos xa é maior. Ten que botarnos unha man no traslado.

Como viu que a nena poñía cara de desgusto, a nai suavizou o ton e engadiu:

—Non te poñas así. Total, só vai ser unha semana. Á avoa halle gustar verte, polo teléfono díxome que lle facía ilusión. E tamén están a tía Vero e Henrick. Paréceme que o podes pasar moi ben eses días, xa o verás.

Como a nai deu por rematada a conversa, Daniela abandonou a sala e correu a se refuxiar ao seu cuarto. Tombouse na cama e deixouse arrastrar pola tristeza que sentía. Lembrou un día de Reis de había algúns anos, cando lograra erguer un edificio altísimo coas pezas da arquitectura que lle regalaran. Conseguírao!, era o máis difícil de todos os que se podían construír. E entón viñera o imbécil de Marcos e, coa punta do pé, movéralle unha das pontes que sostiñan o edificio.

Nun instante, derrubárase a construción enteira, coas pezas todas espalladas polo piso. Canta rabia lle dera!

E agora estaba a sucederlle algo semellante coa súa vida. Desde que nacera, había case nove anos, non coñecera máis casa que a de Lugo. O seu cuarto, os seus xoguetes, o piso polo que podería andar cos ollos pechados sen bater contra porta ningunha. E o barrio, as amigas, a escola, o parque... Todo o que constituía o seu mundo estaba a piques de desaparecer. Íanllo cambiar por outro distinto, do que ela nada sabía.

Desazo, inquietude, medo, desgusto... Na cabeza de Daniela non bulían máis que sentimentos negativos. Comparada co que a agardaba, a estaba na casa de mamá Matilde era o de menos. Non lle gustaba ir soa, e menos a unha casa onde unicamente vivían persoas maiores. Sabía que se alegrarían de vela e que a tratarían a corpo de rei. Mais non sería unha semana de vacacións; asemellábase máis a entrar nunha sala de espera, coma

a do dentista, só para soportar o paso dos días e agardar a chegada do momento de marchar para Vigo.

Aínda así, era preferible a estadía en Mondoñedo. Polo menos atrasaba algo o traslado á nova cidade, un territorio descoñecido onde, sabíao ben, se había atopar tan perdida coma un astronauta nun planeta estraño.

